



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE A ENQUISA TRIMESTRAL DE CUSTO LABORAL


Terceiro trimestre de 2021

Santiago de Compostela, 17 de decembro de 2021

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Enquisa trimestral de custo laboral (ETCL). Terceiro trimestre de 2021

- O custo laboral das empresas rexistrou en Galicia unha taxa de variación anual do 5,0% no terceiro trimestre de 2021; no conxunto de España a taxa foi do 4,9%. O custo laboral total en Galicia é de 2.422,27 euros, 226,6 euros inferior á media nacional (2.648,87 euros).
- O custo salarial creceu en Galicia un 4,2% no terceiro trimestre de 2021 con respecto ao mesmo período do ano anterior e en España un 5,0%. O custo salarial en Galicia sitúase nos 1.764,99 euros, mentres que a media do conxunto de España é de 1.952,37 euros.
- O custo laboral por hora efectiva aumenta un 0,9% en Galicia e diminúe un 0,3% en España no terceiro trimestre do ano.
- O custo laboral aumenta en todas as comunidades autónomas.
- A xornada semanal media pactada é de 35,4 horas semanais en Galicia e de 35,1 horas en España.


Custo laboral. Terceiro trimestre de 2021			
Taxa de variación anual do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.422,27	5,0
	Custo salarial total	1.764,99	4,2
	Outros custos	657,28	7,0
	Cotizacións obrigatorias	598,17	5,0
	Percepcións non salariais	69,96	26,0
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	10,86	-1,2

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

1. Custo laboral segundo os seus compoñentes

O custo laboral por traballador e mes acaba os 2.422,27 euros no terceiro trimestre de 2021, co que aumenta un 5,0% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. En España o custo laboral aumenta un 4,9% e supera en 226,6 euros o custo laboral en Galicia.

O seguinte gráfico amosa a evolución do custo laboral por traballador e mes.



O custo laboral pode desagregarse en dous grupos: custo salarial e outros custos.

- O **Custo salarial**, que comprende salario base, complementos salariais, pagos por horas extraordinarias, pagos extraordinarios e pagos atrasados, medidos en termos brutos, acaba os 1.764,99 euros por traballador e mes en Galicia, o que supón un incremento do 4,2%. En España, o custo salarial crece un 5,0%.
- Se se exclúe o factor variable dos salarios (pagos extraordinarios e atrasados), obtense o custo salarial ordinario, que aumenta o 4,5% en Galicia, acadando os 1.627,75 euros. En España, o custo salarial ordinario é de 1.776,83 euros, cun incremento do 5,2% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.
- Os **Outros custos**, que comprenden principalmente as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social e as percepcións non salariais (indemnizacións, prestacións sociais,...) sitúanse en 657,28 euros en Galicia, co que aumentan un 7,0%; en España crecen un 4,5%, ata os 696,50 euros.

2. Custo laboral segundo actividade económica

Desagregando segundo sectores de actividade económica, o custo laboral total aumenta en todos os sectores.

Na **Industria** o Custo total crece un 0,1%, debido ao incremento dos Outros custos do 0,9% mentres que diminúe o Custo salarial total o 0,2%.

INDUSTRIA. Terceiro trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
0,1	Custo total	2.785,7	0,1
-0,1	Custo salarial total	2.029,6	-0,2
0,5	Outros custos	756,1	0,9
-0,1	Cotizacións obrigatorias	703,7	2,0
0,1	Percepcións non salariais	63,9	-4,7
	Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾	11,5	42,7

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O Custo total na **Construción** aumenta un 8,7%, crecendo tanto o Custo salarial total como os Outros custos o 8,7%.

CONSTRUCCIÓN. Terceiro trimestre de 2021			
Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
8,7	Custo total	2.662,8	8,7
6,0	Custo salarial total	1.828,1	8,7
1,7	Outros custos	834,7	8,7
1,0	Cotizacións obrigatorias	711,0	6,1
0,0	Percepcións non salariais	127,9	24,0
	Subvencións e bonificacións ⁽¹⁾	4,3	-20,1

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

Nos **Servizos** o Custo total aumenta un 6,2% como consecuencia do incremento do Custo salarial total, 5,3% e dos Outros custos, 8,8%.

SERVIZOS. Terceiro trimestre de 2021

Taxa de variación do custo total e achegas dos seus compoñentes		Euros	Taxa interanual
	Custo total	2.314,7	6,2
	Custo salarial total	1.697,0	5,3
	Outros custos	617,8	8,8
	Cotizacións obrigatorias	563,0	5,9
	Percepcións non salariais	66,1	36,3
	Subvencións e bonificacións⁽¹⁾	11,3	-7,2

⁽¹⁾ As subvencións subtráense dos outros custos

O custo laboral na Industria e nos Servizos en Galicia é inferior en máis de 260 euros á media nacional; mentres que na Construción o custo é superior en Galicia en 20,77 euros.

3. Tempo de traballo

No terceiro trimestre de 2021, a xornada semanal media pactada en Galicia é de 35,4 horas semanais, e destas, pérdense 7,0 horas semanais. En España, a xornada semanal pactada é de 35,1 horas, das que se perden 7,5 horas semanais.

Se se engaden horas extras e se restan as horas perdidas, a xornada efectiva é de 28,6 horas semanais en Galicia e de 27,8 horas no conxunto do Estado.

O custo laboral total por hora efectiva aumenta en Galicia un 0,9% mentres que diminúe en España (-0,3%).


**Custo laboral por hora efectiva.
Terceiro trimestre de 2021**

	Euros	Taxa interanual
Galicia		
Custo laboral total	19,5	0,9
Custo salarial total	14,2	0,1
Outros custos	5,3	2,9
España		
Custo laboral total	21,9	-0,3
Custo salarial total	16,1	-0,2
Outros custos	5,8	-0,5

Fonte: INE

4. Custo laboral corrixido de estacionalidade e calendario

Se eliminamos os efectos estacionais e de calendario, o custo laboral por traballador rexistra unha taxa do 5,3% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.




5. Custo laboral por comunidades autónomas

Por comunidades autónomas, o custo laboral máis elevado corresponde a Madrid e País Vasco, que supera en máis de 400 euros á media nacional, mentres que en Extremadura e Canarias o custo laboral é inferior á media nacional na mesma cantidade.

O custo laboral aumenta en todas as comunidades. Os maiores incrementos prodúcense en Illes Balears (10,7%) e Canarias (9,8%). Os menores crecementos rexístranse en Navarra (0,4%) e Cantabria (0,7%).

Custo laboral total. 3º trimestre de 2021

Taxas de variación en %



Notas metodolóxicas

A Enquisa trimestral de custo laboral ten por obxectivo coñecer a evolución do custo laboral medio por traballador e por hora efectiva de traballo.

Investíganse os traballadores asalariados por conta allea asociados as Contas de Cotización á Seguridade Social incluídas no Réxime Xeral e cuxa actividade económica estea encadrada nas seccións B a S da CNAE-09 e no Réxime Especial de traballadores do mar e cuxa actividade económica é o transporte marítimo.

Custo laboral: custo no que incorre o empregador pola utilización de factor traballo. Comprende un amplo grupo de partidas que a enquisa recolle en dous bloques principais: custos salariais e outros custos.

Custo salarial: comprende todas as percepcións económicas realizadas aos traballadores, en efectivo ou en especie, pola prestación profesional dos servizos laborais por conta allea, xa retribúan o traballo efectivo, calquera que sexa a forma de remuneración, ou os períodos de descanso computables como de traballo.

Outros custos: inclúen as percepcións non salariais e as cotizacións obrigatorias á Seguridade Social.

Hora efectiva: son as horas realmente traballadas tanto en períodos normais de traballo como en xornada extraordinaria, incluíndo as horas perdidas no lugar de traballo, que teñen a consideración de tempo efectivo en virtude da normativa vixente.

Custo laboral por traballador e mes: mide o custo que supón para o empresario empregar a un traballador durante un mes.

Custo laboral por hora efectiva de traballo: mide o custo que supón para o empresario unha hora efectiva de traballo.

O custo debe ser medido en termos netos para o empregador, é dicir, deducindo as diversas subvencións recibidas.

Anexo cadros

Cadro 1.- Custo laboral por sectores económicos segundo os seus compoñentes. Terceiro trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	2.422,27	5,0	2.785,69	0,1	2.662,79	8,7	2.314,74	6,2
Custo salarial total	1.764,99	4,2	2.029,58	-0,2	1.828,13	8,7	1.696,95	5,3
Custo salarial ordinario	1.627,75	4,5	1.802,13	-0,5	1.671,65	6,3	1.582,70	5,9
Outros custos	657,28	7,0	756,11	0,9	834,66	8,7	617,79	8,8
Cotizacións obrigatorias	598,17	5,0	703,71	2,0	711,00	6,1	563,02	5,9
Percepcións non salariais	69,96	26,0	63,87	-4,7	127,94	24,0	66,10	36,3
Subvencións e bonificacións	10,86	-1,2	11,47	42,7	4,29	-20,1	11,32	-7,2
España								
Custo laboral total	2.648,87	4,9	3.060,22	2,8	2.642,02	3,2	2.575,66	5,5
Custo salarial total	1.952,37	5,0	2.228,07	2,7	1.840,12	2,4	1.911,46	5,7
Custo salarial ordinario	1.776,83	5,2	1.977,84	3,6	1.713,10	2,7	1.745,63	5,7
Outros custos	696,50	4,5	832,15	3,0	801,90	5,1	664,20	4,8
Cotizacións obrigatorias	644,23	5,2	770,39	5,0	730,11	5,6	615,11	5,3
Percepcións non salariais	65,13	-1,3	72,78	-13,0	80,77	4,9	62,58	0,9
Subvencións e bonificacións	12,86	8,3	11,01	19,5	8,98	55,6	13,49	5,4

Fonte: INE

Cadro 2.- Custo laboral por hora efectiva. Terceiro trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual	Euros	Taxa interanual
Galicia								
Custo laboral total	19,5	0,9	21,4	-2,1	18,3	3,9	19,1	1,5
Custo salarial total	14,2	0,1	15,6	-2,4	12,5	4,0	14,0	0,7
Custo salarial ordinario	13,1	0,4	13,9	-2,7	11,5	1,7	13,1	1,3
Outros custos	5,3	2,9	5,8	-1,4	5,7	3,8	5,1	3,9
España								
Custo laboral total	21,9	-0,3	24,1	-0,1	19,1	3,0	21,7	-0,6
Custo salarial total	16,1	-0,2	17,6	-0,1	13,3	2,2	16,1	-0,4
Custo salarial ordinario	14,7	-0,1	15,6	0,6	12,4	2,6	14,7	-0,4
Outros custos	5,8	-0,5	6,6	0,0	5,8	4,9	5,6	-1,1

Fonte: INE

Cadro 3.- Horas semanais por traballador e mes¹. Terceiro trimestre de 2021

	Total		Industria		Construción		Servizos	
	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas	Horas efectivas	Horas non traballadas
Galicia								
Ambas xornadas	28,6	7,0	29,9	7,9	33,5	5,2	27,8	6,9
Tempo completo	31,1	8,0	29,9	8,4	34,1	5,4	30,7	8,2
Tempo parcial	18,2	3,0	17,2	3,4	20,8	2,5	18,3	3,0
España								
Ambas xornadas	27,8	7,5	29,1	8,9	31,7	6,3	27,3	7,3
Tempo completo	30,5	8,4	30,1	9,3	32,8	6,6	30,3	8,4
Tempo parcial	17,9	4,0	17,7	3,8	17,9	3,4	17,9	4,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos difundidos polo INE

¹ A efectos de cálculo, considéranse 4,35 semanas ao mes

Cadro 4.- Custo laboral total. Terceiro trimestre de 2021

	Custo laboral por traballador e mes			Custo laboral por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	2.648,9	104,2	4,9	21,9	110,7	-0,3
Andalucía	2.384,0	104,0	4,9	19,4	108,0	0,2
Aragón	2.529,4	104,7	5,1	21,2	110,4	3,4
Asturias	2.592,9	100,8	1,7	22,1	108,7	-0,5
Balears, Illes	2.365,4	99,3	10,7	17,9	100,2	-4,8
Canarias	2.140,9	99,1	9,8	17,9	108,2	-3,0
Cantabria	2.427,0	99,9	0,7	19,8	106,8	-1,8
Castilla y León	2.402,0	103,4	3,4	20,1	108,9	1,8
Castilla-La Mancha	2.413,5	106,8	3,9	19,9	112,5	2,5
Cataluña	2.811,4	104,5	4,4	23,7	113,2	-1,9
Comunitat Valenciana	2.408,6	106,4	6,9	19,9	112,0	3,5
Extremadura	2.099,0	100,1	5,9	18,1	108,3	4,7
Galicia	2.422,3	107,7	5,0	19,5	112,2	0,9
Madrid	3.113,0	103,5	4,5	25,0	110,2	-1,1
Murcia	2.387,3	103,1	4,1	20,0	111,0	1,6
Navarra	2.834,3	106,8	0,4	24,0	111,5	-3,9
País Vasco	3.219,1	109,2	4,5	28,6	117,8	-2,9
Rioja, La	2.344,0	100,2	1,9	20,0	108,0	1,0

Fonte: INE

Cadro 5.- Custo salarial. Terceiro trimestre de 2021

	Custo salarial por traballador e mes			Custo salarial por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	1.952,4	102,9	5,0	16,1	109,3	-0,2
Andalucía	1.747,0	103,0	5,2	14,2	106,9	0,5
Aragón	1.833,6	102,2	4,2	15,3	107,8	2,6
Asturias	1.902,3	98,5	0,9	16,2	106,3	-1,2
Balears, Illes	1.774,4	100,9	13,1	13,4	101,6	-2,8
Canarias	1.576,2	99,1	12,9	13,2	108,3	-0,2
Cantabria	1.777,9	98,4	0,2	14,5	105,2	-2,2
Castilla y León	1.765,1	102,7	3,3	14,8	108,2	1,7
Castilla-La Mancha	1.768,1	105,8	4,6	14,6	111,5	3,2
Cataluña	2.067,9	102,5	4,1	17,5	111,1	-2,1
Comunitat Valenciana	1.755,3	104,2	6,6	14,5	109,8	3,3
Extremadura	1.525,2	97,9	5,9	13,2	106,0	4,7
Galicia	1.765,0	106,6	4,2	14,2	111,1	0,1
Madrid	2.338,4	102,6	5,1	18,8	109,3	-0,5
Murcia	1.738,4	100,8	3,7	14,5	108,6	1,3
Navarra	2.070,3	105,3	0,4	17,5	110,0	-3,8
País Vasco	2.369,5	107,5	4,0	21,0	116,1	-3,4
Rioja, La	1.695,2	96,8	1,6	14,5	104,3	0,8

Fonte: INE

Cadro 6.- Outros custos. Terceiro trimestre de 2021

	Outros custos por traballador e mes			Outros custos por hora efectiva		
	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual	Euros	Índice 2016=100	Taxa interanual
España	696,5	108,2	4,5	5,8	115,0	-0,5
Andalucía	637,0	107,1	4,2	5,2	111,1	-0,6
Aragón	695,8	111,9	7,5	5,8	117,8	5,6
Asturias	690,6	107,6	3,8	5,9	115,9	1,7
Balears, Illes	591,1	94,9	4,2	4,5	96,1	-10,4
Canarias	564,6	98,9	1,9	4,7	108,0	-9,9
Cantabria	649,1	104,4	2,1	5,3	111,4	-0,6
Castilla y León	636,9	105,2	3,5	5,3	111,0	1,9
Castilla-La Mancha	645,4	109,4	2,0	5,3	115,4	0,8
Cataluña	743,5	110,3	5,2	6,3	119,4	-1,1
Comunitat Valenciana	653,4	112,6	7,8	5,4	118,4	4,2
Extremadura	573,7	106,3	6,1	5,0	115,1	4,9
Galicia	657,3	110,8	7,0	5,3	115,3	2,9
Madrid	774,6	106,2	2,7	6,2	112,9	-2,8
Murcia	649,0	109,5	4,9	5,4	118,0	2,6
Navarra	764,0	110,8	0,2	6,5	115,8	-4,2
País Vasco	849,6	114,2	5,9	7,5	123,0	-1,7
Rioja, La	648,8	110,3	2,5	5,5	118,9	1,7

Fonte: INE